

SI QUE ESTÁ CONTENTA A
PATRONA... DA GUSTO VELA.

II QUE NON LLES FALTE DE
NADA A ESA XENTE II



As festas
2023



O LIBRIÑO DAS FESTAS
REVISTA OFICIAL DAS PATRONAIS DE BURELA

O LIBRIÑO DAS FESTAS

Nº 6 - Maio 2023

Dirección Editorial

Jose Díaz

Ilustracións e Fotografías

Antón X. Díaz Valle (A. Caxoto)

Outras colaboracións

Redacción

Alfredo Llano

Rogelio Cayón

Julio Delgado

Pedro Chao

Rocío Chao

Paco Salgueiro

Diego Campo

Herminia Pernas

Xevi Bassa

José Díaz

Outras colaboracións

Maquetación e impresión

Gráficas Arfe



Publicación propiedade da Asociación Cultural
"Festas Patronais de Burela"

Licenza Creative Commons CC-BY-NC-ND 4.0,
excepto imaxe corporativa das empresas
patrocinadoras - © das súas propietarias



EDITORIAL



Hoxe lese pouco, demasiado pouco.
É algo aparentemente incurable xa.

Demasiadas series e demasiado móbil. Iso tamén é ler, vale, pero raro. Onde esté un bo libro que se quite todo o resto. O "libriño" non pretende ser un best-seller, pero si ten o obxectivo de ser lido polo maior número posible de veciños, porque son cousas de aquí, da nosa vila. Durante estes 7 anos que levo na edición de contidos do libro, intentei incluír cousas interesantes, divertidas, anecdóticas, vistosas... o que faga falta para que guste. Este ano incluímos fotos antigas, e textos interesantes de xente de aquí. Grazas a todos por participar. A portada volve a ser de Antón Caxoto. Os seus debuxos teñen personalidade e estilo propio, así que repite. A os mellores debe darselles a oportunidade de repetir sí ou sí, non vos parece?. En canto ás festas, gozadeas con saúde e respecto. A Comisión, con Toñi como Presidenta, sigue esforzándose ano tras ano para que a pesar da tempestade, o barco siga a flote. Non é sinxelo. Así que noraboa sincera a tod@s eles.

E como desexo estendido... ánimovos a ler, canto poidades. .. Ler fainos ricos de algo máis poderoso que o material.

Jose Díaz

SAÚDO DO ALCALDE

Lembro a miña primeira edición das festas patronais de Burela como algo insólito, singular. Algo moi potente que se notaba que xogaba na elite da liga das festas. O primeiro efecto foi ver como todas as rúas desembocaban no porto con auténticas riadas de xente. Estou a falar do domingo, o día da procesión marítima, cando todos os barcos, todos, vestían traxe de gala e lucían, con orgullo, os seus encantos, por que sabían que ese día eran os protagonistas. Pouco a pouco eses barcos, todos, íanse enchendo de tripulantes por un día. Todo o mundo buscaba un sitio onde acomodarse para participar na procesión. Cargaban ata que, por razóns de seguridade, se consideraban completos. A estampa que se apreciaba dende o muro do porto era espectacular. Homes, mulleres, nenos e nenas amosaban a ledicia e satisfacción de estar a bordo e compartir cos mariñeiros e patróns ese paseo que tiña como guía á Virxe do Carme navegando nun barco pesqueiro, que tivera a sorte de ser elixido para tal fin.

Festas patronais masivas. Festa de pobo mariñeiro. Casas repletas de convidados que disfrutaban de todo un programa de actos musicais e lúdicos. O porto era soporte de todas as novidades de atraccións para todos os públicos onde o longo de catro días non había descanso. Os bailes, que pena que non haxa fotos aéreas, enchían todo o campo da festa e adxacentes, sempre amenizados polas mellores orquestras do momento. Burela sinalaba, e sinala, a tendencia.

Nesa primeira edición non tiven a ocasión de apreciar a alfombra floral nin a procesión do sábado. Pero cando as descubrín xa souben que era un motivo de aprecio artístico, sentimental e único. Calidade total para destacar as festas de Burela no universo festivo. A alfombra é un exemplo claro de traballo compartido, coordinado, e de creación artística. Serve do soporte para o



traslado, en procesión, da Virxe do Carme ata o porto. Procesión que inspira os mellores sentimentos e desexos de todos os que nela participan, que non son poucos.

Vésperas de costeiras do bonito, as festas sinalan o inicio. Celebrase nestas datas, primeiro fin de semana de xuño, para facilitar a participación de todo o persoal que se embarca. Por iso as patronais son tan importantes, por que son unha homenaxe á xente do mar. Compartir con familiares e amigos os catro días de festa é darlle sentido á vida.

Burela inaugura a campaña das festas da comarca da Mariña. Somos un referente, iso obriga a presentar sempre un cartel cargado de primeiras espadas. Manter este nivel cada ano obriga á comisión organizadora a traballar moi duro para acadar a solvencia económica precisa. Este ano hai un moi bo programa que, seguro, motivará unha grande afluencia de visitantes ó noso pobo. A colaboración de todos nós é necesaria.

As Festas Patronais son merecidas. Hai que aproveitar a ocasión para dar a coñecer o noso pobo, para participar en todo o que se ofrece, axudar a construír un ambiente solidario e disfrutar, en boa compañía, de xantares, conversas e bailes. Coas pilas cargadas sempre se ve con optimismo e ilusión o futuro.

Desexo a toda a veciñanza de Burela unhas boas Festas Patronais.

Unha aperta moi grande.

*Alfredo Llano García.
Alcalde de Burela*

SAÚDO DA COMISIÓN DE FESTAS



Antonia Eijo
Belén Ramudo
Raúl de Jesús Torres
Belén Feijoo
Vanessa Prieto

Un ano mais... A mellor maneira de ser conscientes do rápido que pasa o tempo é sentir que xa están aquí as festas patronais. Xa pasou un ano? O tempo vola, e nós con él. Os tempos son ademáis difíciles, non son doados, iso sabémolo todos. Este ano, non vos imos enganar, deunos un pouco de medo percorrer as rúas do pobo para pedir axuda no comercio local e na hostelería, porque sabemos que non é sinxelo aportar economicamente cando as cousas están como están. Pero de novo, a solidariedade do pobo para con as súas festas grandes, volveunos a resultar admirable. Cada un axuda da maneira que pode e iso é máis que valorable. Moitas comisións están a pasar grandes dificultades para seguir adiante por estes motivos e por moitos outros que surxen cando empezas a traballar. Hai concellos

que non atopan xente disposta a facer este traballo, e iso é comprensible cando se levan moitos anos nesto, como é o caso de algún de nos. Algo vai haber que facer no futuro para garantir que non se perdan as festas dos pobos, si de verdade queremos que sexa así. Agora está todo listo, ou iso esperamos, pero de cara ó futuro debéramos reflexionar sobre isto. Quizais as institucións, no caso das patronais, os concellos, van ter que aportar algo máis economicamente para manter o nivel que o pobo quere. Agora toca disfrutar da familia e dos amigos. Esperamos que as disfrutedes e vos impliqueades nelas como nos mesmos. Saúde para todos e todas.

A Comisión de Festas

SAÚDO DO PREGOEIRO

Queridos amigos e veciñas, amigas e veciños, familia e visitantes:

É difícil expresar cun feixe de palabras os sentimentos que esperta en min o nome Burela, non como topónimo, senón como un compendio de sensacións, de pensamentos, de coñecementos, de relacións interpersoais, de pertenza a unha comunidade; en definitiva, de experiencias vitais que marcan a un desde o momento en que nace.

Alén diso, ser de Burela, vivir en Burela, e vivir Burela é moito máis ca iso, pois a nosa sociedade aberta, multicultural, integradora e inclusiva, está chea de burelaos e burelás que aínda tendo nacido noutras latitudes, senten o cariño á comunidade do mesmo xeito que os que nacimos aquí, configurando desta maneira unha personalidade propia que nos define como vila galega, acollidora e universal.

As festas patronais de Burela son o reflexo mais palpable deste sentimento: son alegría e son emoción, son diversión e cooperación, son recordos e son proxección de futuro.

Este futuro necesariamente ten que ser compartido, sempre mirando de onde vimos, respectando e pondo en valor o noso pasado, mais con paso firme cara un futuro con cultura e educación, xustiza social, traballo e equidade.

Ollando ao pasado, estas datas traen canda elas moitos recordos: os daqueles invitados que viñan comer á Calle do Can, as fichas dos coches que me regalaba o Chileno para montar neles, cambiar os pantalóns novos ao chegar á casa pola roupa do diario, saciarse a coca cola e a zumes de melocotón no bar do Sampaio e no Forreto, ou debercer por baixar rápido á festa cos pícaros da Calle do Can contemplando as atraccións desde a ventá do baño da casa de meus pais...



Albano no balcón da casa onde naceu seu pai

Conforme un vai medrando, os desexos ás veces fanse realidade froito do traballo e do apoio de moita xente, e aquelas bandas de música que viñan tocar desde Ferrol deron paso a outras agrupacións musicais con selo burelao, acompañando a outras agrupacións decanas da localidade en procesións cun sentido que supera o estritamente relixioso e que nos unen como vilegos, traballando por unha razón común: a nosa alfombra de flores.

E aínda que un vai medrando en anos e en experiencia, os desexos seguen a estar aí: o desexo dunha Burela que aposte fortemente pola cultura de base, pola música, polo teatro, pola lectura e pola radio, pola festa Castrexa, pola festa do Castelo, pola Feira do Bonito, pola feira do libro, pola Semana Santa, polo festival Osa do Mar,...; unha Burela que valore o que xa temos e que traballe por melloralo, sen esquecer nunca O MAR e as súas xentes, que nos fixeron medrar e que nos definen como pobo.

Felices Festas Patronais amigas e amigos! Saúde e cultura para sempre!

Albano González Cancio

OS LIBRIÑOS DE FESTAS COMO FONTE HISTÓRICA

Unha forma moi curiosa de estudar o pasado dunha vila é a través dos seus libriños das festas porque, sabéndoos mirar, resulta asombrosa a cantidade de datos que nos subministran, incluído por suposto o propio programa de festeiros. Ademais de textos, pódense atopar fotografías que reflicten a vida cotiá da localidade; a súa estrutura urbanística, a arquitectura, etc. Alén disto, tamén son fonte de lembranza de todas as persoas que organizaron ou colaboraron dalgún xeito nas nosas festas patronais.

O libro de festas máis antigo que chegou as miñas mans corresponde ao ano 1951. É posible que antes non existisen ou que non se conservasen, ata pode ser casualidade, porque esta foi a década que significou o despunte económico e demográfico de Burela. O mar empezaba a demandar postos de traballo e a xerar pequenas industrias e comercios. Chegaban os primeiros barcos a motor e concedíanse empréstitos para novas embarcacións. En 1955 contaba a parroquia con 1.530 habitantes que pasaron a ser 1.887 cinco anos máis tarde. Esta liña de progreso veríase ampliada nas dúas décadas seguintes; así que unha conxuntura tan boa tiña que reflectirse, como non, na celebración das súas festas.

Os anunciantes adoitaban ser empresarios dedicados ao sector servizos; que sorprendentemente, en Burela tardou en despuntar. A localidade ía gañando cada vez máis en calidade e nivel de vida, pero tardou en canalizar o tempo libre para o lecer e tamén en entender o concepto de "comercialización do ocio".

Hai que agardar ao ano 1940 para atopar nas fontes fiscais datos deste



Libriños de festas de Burela dos anos 1961, 1965 e 1980

tipo de establecementos, como o bodegón propiedade de Paulino García Abad; mentres que dous anos antes, a fonda de Francisco Basanta Pasarín (Pancho) era a única existente na parroquia, e contaba cun hóspede fixo.

Ao cabo de dez anos (1950) o número de hostaleiros vai en aumento, contabilizándose dous cafés (Ramón Cabanas e Hilario Mon) e dous bodegóns (José Antonio Cao e José Ramón Fernández). Precisamente van ser as dúas cafetarias as primeiras en figurar na publicidade do libriño das festas de 1951.

Na década dos sesenta xa había un bo fato de negocios relacionados co sector hostaleiro:

- Fra López, Evaristo: café con tres veladores; e café-restaurante en 1965.
- Mon González, María Antonia: café con tres veladores.
- Mon Castro, Hilario: pasados vinte anos, este empresario ampliara o seu negocio coa instalación dun ultramarinos e unha barbería; reconvertidos en 1965 en bar-restaurante.
- Ben García, Manuel: bodegón
- García Abad, Paulino: outro empresario que pasou do seu antigo bodegón, e logo taberna, a contar cun bar-ultramarinos.
- González Mon, Dolores: taberna
- Lestao Domínguez, Herminio: taberna
- Orol Cela, Elviro: taberna
- Zancajo Gómez, Estanislao: taberna
- Ben Pardo, José e Pena Castro, Manuel: café e ultramarinos
- García, Avelino: bar-ultramarinos



Dúas mulleres montando en atraccións (1960)



Dúas nenas diante de Calzados Tomás, nas festas de 1960

Destacamos o caso de José Antonio Cao Carvajales, quen, na década dos cincuenta, transformou o seu bodegón nun ultramarinos e tinturaría.

A partir de aquí comezaba unha longa época dourada para o sector servizos da nosa localidade. En 1970 contabilizábanse un restaurante; catro fondas; dez café-bar; e catro tabernas.

Dos establecementos que xa existían nos oitenta aínda queda algún, mentres que outros pecharon as súas portas logo dunha ben cumprida traxectoria. Sirvan como exemplos o bar "Peña", a cafetería "Anduriña" e o restaurante "Avenida".

Como ecos da gran movida dos oitenta e noventa, que facía de Burela "un sitio distinto" figuran nestes libriños os anuncios dos seguintes locais:

K.K.U.E.T. Bar; Big Ben; El Patio Andaluz; Disco bar Carmín; cafetería Ronsel; Boite Danton; Disco Pub Luzern, Albatros Pub... entre outros moitos.

Desde os anos setenta tamén empezaron a proliferar todo tipo de comercios vencellados ao sector téxtil e complementos varios: Almacenes San Carlos; Sastrería Chamorro, Calzados Tomás (unha das zapaterías pioneiras); Adela Moda; Bámbola; Boutique Sunoe; El y Ella; Monicar; Araujo Piel...

E non podía faltar a gran propagación de talleres: mecánicos (Roca, Vizoso; Frenos Carpe...), eléctricos (Enríquez, Nilo...); carpinterías (O Campón, Os Virutas); ferraxerías-Bazares (Barcia, Vispo, Maximiliano, El Puente)... imposible nomealos a todos, pero si que queda un recuncho para o mítico Quiosco Alicia (A

Morocho) na súa primitiva localización.

A vila latexaba con forza, e ese palpitante chegaba con brío aos libriños das festas, que se vendían a un módico prezo porque todo o mundo quería un como recordo.

Pero toda festa chega ao seu fin, que para as xentes do mar significaba o comezo da costeira do bonito. Daquela, os mariñeiros marchaban directamente desde o campo da festa para o barco, e era a orquestra a encargada de xuntar as tripulacións:

"La orquesta Saratoga despide con esta pieza a la tripulación del Manolita y les desea una próspera costera".

Os tempos mudan e os costumes tamén, pero que nunca se pase de moda o "libriño das festas" porque constitúen outra maneira de contar a historia: a intrahistoria dunha vila e das súas xentes. Mesmo habería que ir pensando en levar a cabo a súa dixitalización.

*Herminia Pernas Oroza,
Cronista Oficial de Burela*



ALFOMBRAS FLORAIS 2023



Xa na década dos 80 agromaban pequenas alfombras florais no percorrido da procesión do Patrón de Burela, San Xoán Bautista mais a Virxe do Carme, Patroa dos mariñeiros.

É a principios dos 90 cando a alfombra floral que hoxe en día coñecemos toma forma unindo os diferentes tapices florais formando unha sola Alfombra Floral.

A Alfombra Floral de Burela forma un longo percorrido dende o adro da igrexa ata o barrio do porto deleitando os sentidos con ese alegre colorido e o cheiro das flores de tempada. Unha alfombra sempre diferente e única. Un toque distinguido das nosas Festas Patronais, esas mesmas que son a chave dende hai décadas da costeira do noso tesouro mais

apreciado, o Príncipe azul, o Bonito do Norte.

Cabe mencionar a pesca, que grazas a ela, Burela desenrolouse, non solo economicamente, senón que tamén culturalmente, xa que trouxo a bo porto moitas das nacionalidades coas que hoxe convivimos.

En Burela a día de hoxe hai mais de corenta nacionalidades e nesta edición serán elas as protagonistas.

A Burela Multicultural será o título que levará esta edición especial do 30 aniversario da Nosa Alfombra Floral. Caboverdianos, Senegaleses, Indonesios, Peruanos, Uruguaios, Argentinos, Brasileños, Españóis... entre outros moitos mais serán os protagonistas dos deseños que irán ao longo da Alfombra.

E agora, co tema máis importante resolto, toca poñerse man á obra e abordar o resto de labores necesarias para levar a cabo toda esta obra. Buscar a Tuia máis brizosa e verde, ter de ollo as flores que en días agromarán e sacarán as súas cores a relucir e que logo nos servirán para engalantar a rúa.

Sen deixar atrás a borra do café que nos garda a hostalería do pobo, o tinguido do sal e das labras de madeira das carpinterías da zona.

As “plantillas” tamén cobran vida. Eses debuxos a gran escala que logo irán na rúa e se rechearán dos materiais precisos para darlles forma e cor.

E toda esta labor faise grazas á unión das xentes do pobo que aportan o seu gran de area para que todo funcione. Tamén hai que resaltar que o relevo xeracional é algo importante á hora de manter as tradición dun pobo máis a súa cultura, polo que dende aquí animamos a toda a xente que o desexe a que se una a sumar nesta labor tan fermosa como é a Alfombra floral.

Dende a Asociación Cultural Burela Floral de Burela desexámosvos unhas moi felices festas a todos.



*Asociación Cultural
Burela Floral de Burela*



CLUBE BALONCESTO BURELA



Campións galegos preinfantís, ano 2022

Queridos Veciños de Burela

Antes de nada, dende o Clube Baloncesto Burela queremos desexarvos que teñades unhas felices festas patronais. Agradecemos á Comisión de Festas e o Concello de Burela esta oportunidade de dirixirnos a vós para contarvos un pouco das nosas actividades como clube.

Dende 1993 levamos desenrolado a nosa labor de fomento e impulso da práctica do baloncesto. Na actualidade temos 11 equipos inscritos en ligas da Federación Galega de Baloncesto, 5 masculinos, 5 femeninos e os máis pequenos que conforman un equipo mixto.



O equipos cadete e alevín feminino e o infantil masculino están este ano en primeira división da liga galega correspondente, esto que é sinxelo de dicir en realidade é moi complicado de conseguir e en boa parte se ten logrado pola política de colaboración que levamos a cabo dende fai uns anos cos equipos veciños, como poden ser San Cibrao, Foz e Viveiro.

Na mariña hai xente boa de abondo para poder ter equipos competitivos a nivel de Galicia pero é necesaria a colaboración dende o respecto a cada clube para permitir que nenos e nenas de outros concellos poidan xogar con nós e viceversa. Para mostra, o ano pasado, o noso equipo preinfantil (hoxe infantil) proclamouse campión Galego en Tui, sendo o logro deportivo máis importante que acadamos ata a data. Nese equipo xogan nenos de Burela,

San Cibrao e Foz, sin os cales nunca se houbera podido alcanzar algo así.

A mediados de Agosto, organizamos o 3x3 de Burela. Por uns días ocupamos a praza da mariña e facemos un campeonato para todas as categorías, nas modalidades masculino e feminino.

E nos últimos anos probablemente nos teñades visto polas mañáns na Marosa con un montón de rapaces e rapazas do clube nun campamento de verán deseñado para non perder a forma física e fortalecer as relacións persoais con unha actividade máis lúdica.

Por último queremos agradecer a todos os pais/nais a súa comprensión e as súas palabras de ánimo. Ós nosos patrocinadores por esa axuda constante, ós que colaboran puntualmente con nós pola súa boa disposición e en especial, como presidente, á xunta directiva que fai posible que día a día este proxecto vaia adiante. Moitas grazas...entre todos facemos pobo...

*Fdo.- Rogelio Cayón García
Presidente CB Burela*

BURELA

Festas Patronais 2023

NA HONRA DA VIRXE DO CARME E SAN XOÁN BAUTISTA

Do 25 de maio ao 6 de xuño

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Toda a actualidade das Festas Patronais podedes seguila na nosa páxina:

<http://facebook.com/festasburela>

XOVES, 25 MAIO

NOVIDADE 20:00 h. **INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN: BURELA, A SÚA HISTORIA A TRAVÉS DOS SEUS LIBRIÑOS DAS FESTAS (S. XX).** Sala de Exposicións da Casa da Cultura.



VENRES, 26 MAIO "BAIXADA DA VILA DO MEDIO"

21:00 h. **Misa na honra da Virxe do Carme, na Igrexa da Vila do Medio, actuará a CORAL POLIFÓNICA DE BURELA.** Ao remate da mesma, (21:30h. aproximadamente), **baixada da imaxe en procesión ata a Igrexa Parroquial, acompañada da BANDA DE GAITAS DAMBARA.**

ESTREA DO ALUMADO FESTIVO que porá a nota de cor nas rúas do Concello durante as Festas Patronais.

SÁBADO, 27 MAIO "DÍA DO PREGÓN"

20:00 h. **PREGÓN** a cargo de **ALBANO GONZÁLEZ CANCIO.** Actuación da **ESCOLA DE MÚSICA DE BURELA.**

Ao remate actuación do Dúo **MANOPUESTA** no Auditorio.

DOMINGO, 28 MAIO "DÍA INFANTIL"

Ó longo da tarde, **FESTA INFANTIL E XUVENIL** con hinchables na Praza do Concello.

De 10:00 **RASTRILLO POPULAR SOLIDARIO** na Praza da Mariña a 14:00 h. (organiza Delegación de Cultura).

NOVIDADE

LUNS, 29 MAIO

19:30 h. Coincidindo co Centenario da Cofradía de Pescadores San Juan Bautista de Burela, presentación do documental "**PENA BURELA: SINAL DE IDENTIDADE DUN POBO**" de Paco Salgueiro. No Auditorio.

NOVIDADE

MÉRCORES, 31 DE MAIO "DÍA DO KARAOKE CATIVOS"

20:30 h. **GRAN KARAOKE**, categorías infantil e xuvenil. Premio especial á mellor caracterización.

NOVIDADE

XOVES, 1 DE XUÑO "DÍA DO KARAOKE ADULTOS"

21:00 h. **GRAN KARAOKE**, categoría senior. Premio especial á mellor caracterización.

NOVIDADE

O Gran Karaoke desenvolverase no **Auditorio da Casa da Cultura**, presentado por **ELIA TRELLES** e **RAÚL J. DE TORRES**. A categoría infantil abarca ata os 12 anos, a xuvenil dos 13 aos 17 inclusive, a senior dos 18 en diante. Premios para os tres primeiros clasificados en cada categoría, consistentes en trofeos conmemorativos e agasallos. Os ensaios serán das 17:00 ás 19:00 h., ambos días.

VENRES, 2 XUÑO “VÉSPERA DOS DÍAS GRANDES”

12:30 h. Actuación **ACORDEONISTAS DA MARIÑA**. Zona do hórreo.

Durante os días grandes contaremos con todo tipo de atraccións no recinto das festas, instalado na explanada portuaria dende o venres 2 ó luns 5 (inclusive).

23:00 h. **VERBENA** coas orquestras: **ALKAR** e **AMÉRICA**, no recinto das festas.

SÁBADO, 3 XUÑO “DÍA DA BAIxada Ó PORTO”

Ao longo da xornada, **confección da espectacular alfombra floral de Burela**, tradición que mantén vivo o esforzo conxunto de moitos veciños e veciñas do pobo.

11:00 h. **Pasarrúas** a cargo do **Grupo de Gaitas ASUBÍOS DA CHAIRA**, de Cospeito e da **Banda de Música EGS** de Lugo.

14:00 h. **Sesión Vermú** coa orquestra: **SAUDADE**, no recinto da festa.

17:00 h. **Pasarrúas** sesión de tarde a cargo da **Banda de Música EGS** de Lugo.

20:00 h. **Concerto** da **Agrupación Musical SANTO INOCENCIO** de Burela e da **Banda de Música EGS** de Lugo, na Praza do Concello.

21:00 h. **Misa cantada** pola **Coral Polifónica de Burela** na Igrexa Parroquial de Santa María de Burela. Ao remate da misa, **procesión de baixada das imaxes da Virxe do Carme e San Xoán Bautista ao altar instalado na “Nave de Redeiras” do Porto**, coordinada pola **S.C.R. Leticia** e acompañada pola **Banda de TT. CC. Sto. Inocencio de Teixeira** e o **Grupo de Música Tradicional da S.C.R. Leticia**. Participación aberta a calquera persoa que desexe acompañar á Procesión vestindo traxe tradicional galego.

Ao paso da procesión polo peirao, **espectáculo de artificios de pólvora** ó son do tradicional saúdo da Flota Pesqueira a Santa.

23:00 h. **Verbena** coas orquestras: **LA FAVORITA** e **SAUDADE**, no recinto da festa.

DOMINGO, 4 XUÑO “DÍA DA PROCESIÓN MARÍTIMA”

- 11:00 h. **Pasarrúas** a cargo da **Banda A NOSA SEÑORA DO NORDES (OJE)** de Ferrol e da **Agrupación Musical SANTO INOCENCIO** de Burela.
- 12:00 h. **Misa de campaña cantada** polo **Coro de Cervo** no altar sito na “Nave das Redeiras” do porto.
- Ao remate da misa, **procesión marítima** na que a **Virxe do Carme** será **porteadada polo buque pesqueiro SIEMPRE SAN PRUDENCIO** acompañada por parte da flota na travesía e da **Agrupación Musical SANTO INOCENCIO** en terra firme.
- 14:00 h. **Sesión Vermú** coa orquestra: **PONTEVEDRA** no recinto da festa.
- 17:00 h. **Pasarrúas**, sesión de tarde a cargo da **Banda NOSA SEÑORA DO NORDES (OJE)** de Ferrol.
- 22:30 h. **Verbena** coas orquestras: **PONTEVEDRA** y **EL COMBO DOMINICANO** no recinto da festa.

LUNS, 5 XUÑO “DÍA DA SUBIDA”

- 12:00 h. **Procesión de subida das imaxes** ata a igrexa Parroquial de Sta. María, acompañadas polo **Grupo de Música Tradicional da S.C.R. Leticia** de Burela.
- 14:00 h. **Sesión Vermú** coa orquestra: **RITMO JOVEN**.
- 22:30 h. **Verbena** a cargo das Orquestras: **RITMO JOVEN** e **PANORAMA** no recinto da festa.

MARTES, 6 XUÑO “DÍA DA OFRENDA”

- 12:00 h. **Cerimonia da ofrenda floral no porto**, en homenaxe ás persoas que feneceron no mar, a cargo da embarcación **Salvamar Saturno** da Cruz Vermella de Burela.

A FLOTA PESQUEIRA - EMBARCACIÓNS DE BAIXURA



Villa de Argote Dous



Novo Estrella



Cruz y Cristo



Segunda Belén



A Gabeira



Costa de Lugo



Espadín Dous



Coral 7



Playa de Lira



Mariñeiro Dous



Adriálex



Jormar



Virxen do Rocío



Raíña do Mar



O Padriño



Spr Fortuna



Mar de Annea



Axiña




Cabaliño



O Cielito



BUQUES DE ALTURA







Llave de Burela



Breogán Uno



Breogán Tres



Matalañas Segundo



Zamora II Burela



Valle Fraga



Agorreta



Martínez Quelle



Nuevo Libertad



Breso Uno



Vera



Punta do Castro



Nuevo Evenecer

SECTOR PESQUEIRO E INDUSTRIA AUXILIAR

VARADEROS VIBU, S.L.



PESCADOS OROL
peixe galego



Frimarte
FRIO MARITIMO TERRESTRE



ausmar
Con toda seguridad



S.G.B.
SERVICIOS GENERALES
DE BURELA, S. L.



peixes TOÑO



Techav



ROCHERO PESCADOS



OLANO
LOGISTIQUE VERTE



Pescados Rubén



ELECTRONICA **JEBÓ** S.L.



NOVOMAR
DE CELEIRO




Celia Pesca

SENANTI 2017 SL

RÚA LAMESTRA, 15
27880 BURELA (LUGO)
TFNO. 982 58 54 39
MÓVIL: 670 77 20 08

Frigomar
Burela S.A.



**GRUPO
DISSOLQUIM**



mariscos
Regomar
622487557
www.mariscosregomar.com



RAÍÑAS E DONAS DE HONRA

1999



Noelia Jiménez Fraga (raíña)
Enma Pardo López
María González Cociña
Patricia González Suárez
Angélica Gómez Sánchez
Nelly Otero Pérez
Lorena Grandío Casas

2001



Yolanda Baamonde García (raíña)
Silvia Deán Ben
Alba Fernández Rubal
Antía Barcia Varela
Elena Riopedre González
Anahí Vispo Palacios

1999



Beatriz Aguiar Louzao (raíña)
Berta M.^a López Romo
Edén Fernández Canoura
Nerea Rey Díaz
Carolina Balsa Balsa
Rita Casdelo Alonso
Irene Pérez Pernas

Durante moitos anos elixíanse raíñas e damas de honra nas festas de Burela, e noutras moitas vilas de todo o país. Un tema que seguro que a día de hoxe causaría certa controversia xa que seguro que habería quen dixese que tamén habería que elixir rei, ademáis doutras moitas cousas... Eu penso que non houbo nunca mala intención nesta actividade de elección de raíñas en ningún sitio por parte de Comisións ou Concellos, pero persoalmente tam-

pouco penso que sexa unha cousa que teña porqué facerse dentro do programa dunhas festas patronais. Hai outras moitas, máis obxectivas nas que traballar. Así o pensaba tamén o resto de integrantes da Comisión de festas. É perfectamente prescindible, sen entrar en máis explicacións, por iso, nós, dende 2016 que levamos as festas de Burela, deixamos de facelo. Pero iso non quita que lembremos cun par de fotos de arquivo, aqueles anos nos que se facía e

SECTOR PESQUEIRO E INDUSTRIA AUXILIAR

PESCADOS BARREIRA - PESCADOS JUAN CARLOS

HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN

que falemos cunha daquelas Raiñas das festas para que nos conte que supoñía e de que ía iso. Trátase de Yolanda Baamonde, raíña das festas de fai 22 anos.

- *Só tiñas 16 anos cando te seleccionaron, cómo foi? Cómo se facía a elección?*

Sí, tiña 16, as que levaban o tema paráronme pola rúa e propuxéronme participar. Unha vez no que era o local das amas de casa, se mal non recordo, xuntaron ás "seleccionadas" e desa reunión saíron as damas de honra e a raíña.

- *Qué sentiches durante os actos nos que participaches como raíña?*

Sentín satisfacción, ser a que dá o pistoletazo das festas ca traca é unha responsabilidade e un orgullo. Pero tamén cansancio (risas), porque é un compromiso, moitos sitios nos que estar a maiores de desfrutar das festas... o martes estaba cansadísima pero moi feliz, tamén.

- *Qué supoñía para as familias das seleccionadas?*

Para as familias, ter ás súas fillas selec-

cionadas era un orgullo pero tamén supoñía un gasto, a maiores dos que xa xeneran unhas festas e un caos de horarios para estar listas en todos os actos requeridos. Aínda que é algo que se lembra con moito cariño.

- *Qué opinas de que se nomeen Raiñas das festas?*

Agora que estamos tan sensibilizados, cousa boa e necesaria, por certo, co tema da sexualidade e cousificación da Muller en diferentes ámbitos, que custa responder sen causar incomodidade polo que me vou limitar a decir que EU fun contenta, sentíame coma unha raíña Disney co meu vestido de cola azul, en ningún momento me sentín obrigada, nin cousificada e que o vivín con moita ilusión nun contexto de fai mais de 20 anos, evidentemente.

Jose Díaz

2002



Tamara Martínez Iglesias (raíña)
Carla Lamparte Alonso
Iria Mariño Castedo
Sandra Rey Díaz
Carla Trillo Fernández



Andrea Pino Yáñez (raíña)
Tania Rodríguez Riveira
Ana González Fernández

2005



Melani Correira Martins (raíña)
Xiana Fernández Díaz
Cristina Blanco Fernández
Ángela Iñigo González
Andrea Gómez Pardo

HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN



CAFETERÍA LUZERN - VINOTECA BURELA - TAPERÍA AS REDES - A SACABEIRA
 LA PODEROSA - MESÓN HAMILTON - BODEGÓN DE SANTIAGO
 ÓPERA - A DORNA - CAFÉ BAR ARENAL



SECTOR DA CONSTRUCIÓN E RELACIONADOS



A ASOCIACIÓN ESPERANZA, UNHA PORTA Á VIDA



A Comisión de Festas pídenos un artigo para que a Asociación ESPERANZA lle conte á veciñanza aquilo que considere axeitado para definir o noso traballo. Dito así, poderíamos cinguirnos ao presente, co que estaríamos a cometer un erro, xa que detrás do presente hai un pasado.

Porque polo noso colectivo pasou xente, con máis ou menos continuidade, que axudou para que a asociación sexa o que é. Se vos parece, imos remontarnos a mediados da primeira década deste século.

As mesas para pedir cartos para loitar contra o cancro teñen décadas de vida; xa hai sesenta anos organizábanse este tipo de mesas en datas moi sinaladas (por exemplo, as festas do pobo), presididas por mulleres significadas entre a cidadanía. Burela non foi allea a este fenómeno, e a raíz desta circunstancia aló polo 2005, 2006...

foi prendendo a idea de organizar un colectivo na nosa vila para a loita contra o cancro. O donativo da familia de Diego Suárez Couto, Aleixo (finado en novembro de 2006 por mor da enfermidade), á xente que se estaba a implicar na organización da asociación propiciou acelerar os trámites para dar cobertura legal ao que se comezaba a facer.

A sesión constitutiva de ESPERANZA celebrouse o 26 de marzo de 2007, sendo o nome oficial, e que consta nos seus estatutos, ASOCIACIÓN RECREATIVA E CULTURAL DE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS DE CANCRO "ESPERANZA". A primeira directiva estaba constituída por María Paz Vilaboa Rodríguez como presidenta; como vicepresidenta, Julia Arca Cela; Bernarda Vizoso Pena, secretaria; a tesoureira era María del Carmen Rodríguez Rey; e Aurora García González, Ángeles

SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E RELACIONADOS

					
 	<p>Fontanería - Calefacción - Gas</p> 				
	<p>CARPINTERÍA OS PINEROS</p>				
			   		
			 	 	
					
					
<p>FINCAS MÓNICA CISBAR INMOBILIARIA</p>					

Sueiras Menéndez, María Luisa Paleo Soto e Ana María Río Abad eran as vogais. Os estatutos foron visados pola administración autonómica o 19 de abril de 2007, tendo o número 10.478 da sección 1ª do rexistro provincial de asociacións.

Se imos aos estatutos, é de destacar que no artigo 5.1 recóllense os fins da asociación, que pretenden apoiar ás persoas afectadas de cancro e aos seus familiares, incidindo no apoio psicolóxico; colaborar con asociacións con fins semellantes de ámbito nacional; e promover a participación e a mobilización cidadá para implicar á comunidade na búsqueda de solucións na loita contra o cancro.

No artigo seguinte, o 5.2, atopamos as actividades que se poderían organizar para acadar os obxectivos, que van dende a organización de charlas e conferencias, ata promover accións que axuden a previr e coñecer calquer tipo de cancro, pasando por desenvolver campañas de sensibilización. Anque os primeiros pasos centráronse en boa medida en dotar á asociación de recursos materiais para poder desenvolver xa non só o seu traballo interno senon tamén actividades como charlas, xuntanzas, etc.

En 2008 produciuse un cambio de presidenta, asumindo o cargo Julia Arca Cela, que anos despois sería substituída por Dulce Remigio Fernández. Naqueles anos, a actividade de ESPERANZA estaba moi centrada no apoio ás persoas que padecían a enfermidade e ás súas familias, tentando que non se illasen da sociedade e organizando xuntanzas de diverso tipo para que así fose.

Mais a sociedade vai mudando e tamén o sistema público de saúde. Por exemplo, cando se fundou o colectivo non había atención psicolóxica aos doentes e familias con cargo ao sistema de saúde pública como pasa hoxe. E por iso o obxectivo fundamental da asociación foise centrando en dous aspectos, a sensibilización da veciñanza ante o cancro e a recadación de fondos para seren doados a entidades públicas ou privadas que traballan na investigación, prevención, diagnose e tratamento da enfermidade.

Así, na actualidade ESPERANZA realiza diversos actos solidarios durante o ano, que son aproveitados para a recadación de fondos con destino a algunha das entidades coma as citadas. Neste senso, indicar que dende a súa fundación ESPERANZA leva donados uns 50.000,00 euros a fins e proxectos de investigación en España e na nosa comunidade autónoma, agardando que esta cifra se achegue ao remate deste ano aos 60.000,00 euros.

Por moito que as anteriores directivas e a actual se esforzaran, nada sería posible sen a implicación da masa social do colectivo, actualmente uns 450 socios, que están superentregados ao labor que se está a desenvolver, e sen o ánimo e apoio da veciñanza burelá.

As portas de ESPERANZA están abertas a calquera persona que teña vontade de arrimar o ombro para loitar e erradicar ou cando menos minimizar o cancro nas nosas vidas. Porque ESPERANZA abre unha pequena porta á vida.

SECTOR FINANCIERO E XURÍDICO-ADMINISTRATIVO

<p>asesoría contable, fiscal y laboral</p> <p>seguros y consultoría</p> 		 <p>MAPFRE</p> <p>Javier Fernández Rato - DELEGADO AUREA RUIZ, S.L. - Agencia de Seguros - rta, concesionaria</p> <p>Rúa do Canal, 47. 28002 MADRID España Tlx: +34 91 575 291 / 902 981 204 / Fax: +34 91 568 111 • E-mail: ofici@mapfre.com</p>			
<p>GRUPO</p>  <p>ejeatlántico</p> 		 <p>MUTUA PESCA</p>		<p>NOTARÍA BURELA</p>	
 <p>3a consultores</p>		<p>Encarna Bernal Marín</p> <p>ABOGADA</p>		<p>MR</p> <p>ABOGADOS</p> <p>MERCEDES RUBAL DÍAZ</p>	
 <p>GESTIÓN DE FINGAS</p>		 <p>monicar asesoría</p>		 <p>POLGAR REINANTE</p> <p>ASesorÍA FISCAL, LABORAL, CONTABLE Y ADMINISTRATIVA DE EMPRESAS</p> <p>PAULA ALBA REINANTE ALONSO</p> <p>BOGADA - Colegiada y Tit. ADMINISTRADORA DE FISCAL - FISCALIA DE LA CIUDAD</p>	
 <p>GESTIÓN DE FINGAS</p>		 <p>PAULA MARTÍNEZ PALEO</p> <p>ABOGADA</p>		<p>Allianz</p> <p>Villarejo Yáñez J. M. Barcia Teijeiro A.</p>	
 <p>Servixestión Burela</p> <p>Cooperativa de Baqueiros de Pesca</p>		 <p>ABOGADOS</p> <p>PAULO ÁLVAREZ RAMOS</p>		<p>PEINÓVILLARES</p> <p>avogados</p>	
 <p>OCASO</p>		 <p>AXA</p>		<p>Asesor Energético</p> <p>Francisco Javier Otero Mitnez</p> 	
<p>GS ABOGADOS - ASESORÍA JOMAR - NOCEDA - ANTONIO CAMPO VÁZQUEZ ASESORÍA ABOGADO BERMÚDEZ DE LA FUENTE</p>					

TECNOLOXÍA E COMUNICACIÓN

 <p>LOGAIDEA COMUNICACIÓN</p>		 <p>PIROTECNIA REJIRIZ</p>		 <p>Espectáculos Pico, s.l.</p> <p>espectaculospico@hotmail.com</p>	
 <p>foto Madrid</p>		 <p>BEEP</p>		 <p>phonergy SMARTPHONE & ENERGY</p>	
 <p>ARRACADA PRODUCCIONES</p>		 <p>Santivossa</p> <p>AGENCIA DE FOTOGRAFÍA</p>		<p>Santiago Otero Longjae'n</p> <p>Fotógrafo</p>	
<p>ELECTRÓNICA CAYÓN</p> <p>ELÍAS TIMIRAOS</p> <p>ONLINE INFORMÁTICA</p>		 <p>XANELA</p> <p>TIENDA ONLINE DE FOTOGRAFÍA</p>		<p>Marco Abad Fotógrafos</p> <p>Cal e Gatazas, 19 - 39.0 - 27861 - Covas (Viveiro) - 686 026 848 foto.santivossa.com @santivossa www.santivossa.com</p>	



BURELA, POBO DE ACOLLIDA

Corrían os anos 60 cando eu, nacido en Galdo, puiden situar a Burela por primeira vez no meu imaxinario infantil, pois de aquí eran algúns compañeiros de estudos na Escola de Mestría de Viveiro, aínda que non foi ata máis tarde, xa adolescente, que a pisei por primeira vez axudando a repartir cervexas por algúns bares.

Pasados os anos, foi en Burela onde tivo lugar un dos primeiros encontros coa miña compañeira de travesía durante os últimos 42 anos, a miña muller Conchi. Ocorreu durante as festas patronais do ano 1980, no campo da festa situado, entón, nos terreos do actual Parque Rosalía de Castro. Xa nos víramos un par de veces antes, pero alí resultou que “á terceira foi a vencida” e xa non nos volvemos a separar. En Burela naceu a nosa filla, desenvolvemos o noso proxecto de vida, e pasamos a formar parte desa gran comunidade que somos “os de fora”, xentes vindas de todas partes que aquí atopamos acollida.

O crecemento de Burela desde os anos 80 foi imparable. Os hortos e os grandes espazos que quedaban entre as casas illadas na estrada xeral fóronse enchendo de edificios, e os edificios de familias. Recordo cando chegaron os compañeiros de Inespal Valladolid, que supuxo un acontecemento no pobo, e tamén como os sucesivos cambios no mundo da pesca trouxeron a persoas de moi distintas

nacionalidades, persoas todas ás que Burela sempre acolle cos brazos abertos. Non en balde Burela é coñecida porque aquí conviven máis de 40 nacionalidades. E aínda que a integración total está lonxe de alcanzarse, si que é certo que a convivencia transcorre sen problemas.

Ao principio escollemos a zona do Campón, integrándonos por completo en actividades de todo tipo: sociais, culturais, deportivas e tamén reivindicativas. Un dos colectivos máis destacados desa época, do que formamos parte activa, foi o Colectivo Cultural Buri. O Grupo de Teatro, as novas Xornadas de teatro, a sempre esperada revista O Trasno, o Entroido e o Enterro da Sardiña, durante os que se tentaron recuperar tradicións como “correr a auga”, os campionatos de ping-pong..... cousas que permanecen aínda na memoria colectiva, como permanecen tamén na miña moitos bos amigos daquela época.

A historia de Burela non é moi extensa, pero é interesante e intensa, e gustárame convidar os meus veciños a coñecerla un pouco mais. Para iso contamos cos libros de Ricardo Pena – primeiro cronista de Burela- e de Benjamín González, entre outros, que plasmaron no papel a historia e as historias desta nosa Burela. Tamén veciños como o Sr. Pron, que recollía o día a día do pobo nuns cadernos pequenos, que por desgraza perdéronse co tempo. Digo ésto porque foronme de gran axuda para coñecer as orixes e a evolución de Burela, sendo a base documental dos diferentes documentais que realicei sobre o noso concello: “Burela: referentes do lecer non século XX”, “Lembranzas do nadal en Burela” e “Pena Burela, sinal de identidade dun pobo” este último pendente da estrea.

FOGAR, DECORACIÓN E BAZARES

Rosavel
flor



FLORISTERIA
AZUCENA



ARRANXOS - BENVIDO A COMPRAS - CELEBRA O TEO DÍA
CANELA - MERCASOFÁ





1.º karaoke 2001

As festas, como a vida mesma, foron evolucionando. O campo da festa foi cambiando de localización, desde o que agora é a estación de FEVE ata a actual no porto. Tamén cambiou a procesión marítima, un acto moi vistoso no que moitos participamos algunha vez, nunha especie de “bautismo náutico” para os que non somos mariñeiros, pero que por diferentes problemas agora deixou de ser tan multitudinaria como outrora. A fama da alfombra floral, pola contra, alcanza proxección internacional. É un exemplo de arte efémera que se confecciona desde hai aproximadamente 30 anos, e na que cada día participa máis xente cortando flores e elaborando os magníficos e orixinais deseños.

E chegamos ao xa clásico concurso de karaoke das festas de Burela, que consegue cada ano abarrotar a Casa da Cultura como ningunha outra actividade e que desde as súas primeiras edicións reúne ao redor dun micrófono a moitos afeccionados de toda a comarca. Podo dicir con orgullo que participei practicamente todos os anos e que, sempre que puiden, colaborei con Elia e os demais membros da organización, desde o primeiro evento que presentou Julio Carballal, xornalista de Cope Ribadeo, pasando por aquel ano en que un novísimo Raúl Río, coñecido por imitar a David Civera en “Menudas Estrellas de Antena Tres”, amenizounos o tempo de deliberacións do xurado.



Albano e Elia no karaoke de 2010

Desde aquí aproveito para agradecer aos asistentes a súa boa acollida cada ano.

As festas sempre foron un motivo para celebrar, para xuntar a familia e aos amigos ao redor dunha mesa e gozar da compañía mutua. Ao principio eran reunións na casa, pero a medida que a familia empezou a crecer trasladamos estas reunións a un dos moitos locais de hostalería de Burela, como moitos outros veciños aos que os pisos se nos quedan pequenos nas festas, porque a hostalería en Burela tamén é, en moitos casos, como parte das nosas familias.

Quedamos no pau da festa!

Paco Salgueiro.



Rocío Chao e Paco Salgueiro karaoke 2008

SAÚDE, EDUCACIÓN, OCIO E MASCOTAS



CENTRO DENTAL
PEDRAZA COTARELO

Clínica Podolóxica Eva

Clínica Podolóxica
PODOLOXÍA - PEDASOXÍA



CENTRO
VETERINARIO
A MAROSA



FISIOTERAPIA



AMBULANCIAS BURELA, S.L.



COIDANDO DE VÓS
CENTRO DE DÍA



Virxe da Mariña
clínica médico-quirúrgica



EUREKA
www.eurekaborela.com

Cristóbal Rodríguez Garfía
GINECÓLOGO

ALAIN AFFLELOU

— Óptico —

BURELA

C/ ROSALÍA DE CASTRO, 25. TEL.: 982 56 21 70

ACADEMIA
A Mariña



644 04 74 02



NOEL LÓPEZ PINÍN

CENTRO DE BIENESTAR

SECRETOS DEL ALMA



EROSKI viaxes

¿Soñas? Voal

Giro
Centro de Psicología

Tfno: 687 786 310

ATHENA
TERAPIAS ALTERNATIVAS

TE ACOMPAÑAMOS A GENERAR EL MÁXIMO BIENESTAR EN TU VIDA A TRAVÉS DE DIFERENTES TÉCNICAS DE SANACIÓN ENERGÉTICA Y EMOCIONAL.

SESIONES A DISTANCIA

TRANSFORMANDO VIDAS

ATHENA.TERAPIAS

+34 666070131

NOSTALXIA

(Palabra de DJ)



É venres, -ou sábado dá igual-, un calquera nos anos 90's. Ao final da tarde, polas vías principais da entrada a Burela, un formigueiro de coches buscan o seu aco- modo en forma de aparcamento.

Empeza a fin de semana. Os bares van- se enchendo, despois os restaurantes... A festa vai comezar en Burela, lugar de ac- ollida en moitísimos ámbitos e, por ende, tamén da "MOVIDA BURELESA".

Máis de 25 locais de copas e ata 4 dis- cotecas funcionando á vez. Unha auténti- ca loucura. O segredo? Boísimo ambiente, gran variedade de locais e BOA MÚSICA, oitentera e noventera. Cada un, máis ou menos, ao seu estilo.

EL PATIO ANDALUZ, TOTAL (RINCÓN DEL 10), DESPISTE, MOE'S, CARMÍN, TOMA Y DAKA, PINÍN 1+, KQUET, ARSENAL, EXCA- LIBUR, ALBATROS, 470, COFRADIA, DOBLE A CENTRAL, AITANA, ZEPELIN, KATANA, LA ESTRELLA, EL CAIRO e tantos máis que me deixo no tinteiro. Quen non estivo algunha vez disfrutando nestes locais???

Moitos, seguramente recordades esta etapa con nostalxia. E aos máis novos lles costa crer que o que aquí describo puidera ser verdade, algo, por outra parte, lóxico e normal. Sí rapaces, Burela foi a capital

da MOVIDA en GALICIA. Atraía xente de todos lados. E nada é por casualidade.

Normalmente o que funciona é porque está ben feito e ben xestionado.

Fai uns meses, decidínme, animado por moitos de vosoutros a organizar unha pequena festa "remember", tributo á mo- vida de Burela. Fíxose en "A Mares" cele- brando á vez o seu primeiro aniversario. A resposta foi APOTEÓSICA, desbordáronse todas as previsions, foi unha auténtica ca- társis colectiva. A xente acudiu predispos- ta e con moitísimas ganas de pasalo ben. E a fé que así foi. Espectacular. Disfruteino, disfrutámolo como se non houbera pasa- do o tempo. Un dos meus días máis felices como DJ. Por unhas horas voltamos aos 90 e prometímonos que non ía ser a derra- deira vez e non o foi, nin o será. Haberá máis noites remember e estaremos en to- das as que poidamos.

Voltemos sempre onde fomos felices, voltemos por un ratiño a saboar, a cantar a grito pelado a mellor música dos 80's e 90's e berremos ao unísono como naquel local... VENGA!, VENGA!, VENGA!!!!

Felices festas!!!!

XEVI BASSA, DJ ARSENAL (90-2010).

SAÚDE, EDUCACIÓN, OCIO E MASCOTAS

 <p>XOGANDO NAS+NUBES</p>	 <p>ACADEMIA ANJO centro de inglés</p>	 <p>manchARTE Academia de Adri Pardo</p>			
 <p>Centro da MULLER e da MATERNIDADE</p> <p>Atención Integral e da MATERNIDADE</p> <p>Rúa Paro Bazo, 10 Barro 27800 Lugo comul@centromuller.com 823427423 www.centrodumuller.com</p>	<p>CLÍNICA DENTAL</p> <p>Dr. Pablo Gutiérrez García DENTISTA / ODONTÓLOGO</p> <p>ESPECIALIDADES: ODONTOLOGÍA GENERAL ENDODONCIA IMPLANTOLÓGICA PERIODONCIA - ORTODONCIA</p>	 <p>activasaúde</p>	 <p>MIGUEL MURIAS Clínica Podológica</p>	 <p>CENTRO ÓPTICO DA COSTA</p>	
 <p>EN BUENAS MANOS</p>	 <p>HAWK GYM</p>	 <p>43 GRADOS NORTE</p> <p>servicio de viajes</p>	 <p>Alba Vila</p> <p>DIETÉTICA Y NUTRICIÓN</p>	 <p>QUENLLA CrossFit</p>	
 <p>clínic David Mariña SERVICIO DE RECONSTRUCCIÓN ORODONTO</p>	 <p>TOMÁS ÓPTICO</p>	 <p>IDADES SERVICIO DE ATENCIÓN GERIÁTRICA</p>	 <p>FAUNA</p>	 <p>ORTOPEDIA DA MARINA</p> <p>especialidade de ortopedia en áreas de ALTO RENDIMENTO</p> <p>Dr. Xosé María López Carreira: Medicina - Fisioterapia - Podología - Ortopedia</p>	 <p>NÓS</p> <p>Autobuses da NÓS</p>
<p>XIMNASIO BREGÁN - SIPNOSIS - ENGLISH SCHOOL CENTRO HOLÍSTICO BURELA - AXIS CLÍNICA DE ACUPUNTURA SHÉN TÁI YI</p>					





“OSA DO MAR”

Se teño que falar da *Osa do Mar* diría que a vin por primeira vez entre os tabiques dun lar de cincuenta e nove metros cadrados.

Descendía dunha familia que vivira nun Rincón, o número 10 da *Avenida da Estrella Polar*, no que cando se abrían as portas, sentíase asubiar unha *Vetusta Morla*, no que a xente lle rezaba a *Lady Madrid* e ás noites aparecía un *Turnedo* que lle cantaba antes de deitarse.

Na súa infancia, nese anaco pequeno de 59 m², foi descubriendo novos sons, bailaba o *Lonely Boy* e cada noite convertíase nunha *Festa Malandrómica*.

Arrancou na procura de novas experiencias. Viaxou por Galicia e Euskadi na busca da inspiración, de encontrarse... ata que en Portugal, nas *Paredes* dunha *Coura* deu cunha luz.

Achegouse, o río cheiraba a salitre, ao fondo escoitou a *Calexico* e á guitarra de *Depedro*, rodeado de mariachis, disfrutaba... e como se fose unha premonición dixo como os *Carolina Durante* “creo que ya es hora de volver a casa”.

Ao paso pola *Marosa* decidiu asentarse. Levantou un campamento con moito esforzo e orgullo, espertou agrado e por que non dicilo, tamén desagrado, comprendida e incomprendida, afianzada e posta en dúbida, pasou por momentos de gloria que ata *C. Tangana* fixo por vela.

A *Osa*, como as xeracións do século XXI, tivo os seu momentos malos, de enfermidade, de ter que pedir axuda para saír adiante, pero sanou e mudou á urbe.



Agora é forte, igual porque toma mel de *Rúa* e *Adelán* e lle gustan os *Rapantes*, baixa ao café con *Zé Pequeno* e sae de copas cos *Grande Osso*, hiberna na *Marosa* e cada setembro levántase coma un lume que pode facer que Arda a cidade de *Bogotá*.

Avisa que este ano volve, na voz das *Fillas de Cassandra*, coa mensaxe dunha *Mosquetera*, coa forza dunha *Bala*, ao son dun *violín* e un *acordeón*, dando *paseítos* por *Burela*, cantando *Vicente Amor*, rodeada de *Zebras* e dunha *Paloma* que está de moda.

Dixo que xa non vai encallar, que do *Lodo* medran as flores máis altas, que esta é a súa *Terra* e que sempre estará agradecida por todas as persoas que loitaron con *Fanto Fantini* nas súas batallas.

E como di o noso amigo *Grande Amore*... “vamos enchernos e vamos falar de cousas”.

Que pasedes unhas boas Festas de *Burela*!

Diego Campo Fraga
Asociación Cultural Fanto Fantini,
organizadora do Festival Osa do Mar.



TALLERES E AUTOMOCIÓN



TALLERES MARIÑAGAR



☎ 982 585 862
📞 685 206 962

talleresmarinacar@gmail.com
Avda. da Mariña, 93 - 27880 Burela (Lugo)




Talleres Roca López, S.L.
INDUSTRIA AUXILIAR DE LA CONSTRUCCION NAVAL




**TALLERES RUIZ
BURELA, S.L.**

POMEDA S.L.



Servicio Oficial
PEUGEOT



tu taller con garantía y compromiso




TALLERES CILLERO, S.A.



ANDRESVIZOSO S.A.





Apersa




Herfrauto, S.A.



BENÓN
ELECTRICIDAD Y MOTOS
tallerheraautomocionesbenon.com



**MULTIMARCA
A MARINA**






AUTOMOCIÓN
O Castelo S.L.

HERMANOS FERNANDEZ - A CENTRAL - MOTOS GUSTAVO
TALLER ELÉCTRICO NILO - NEUMÁTICOS MOTOR FE
OTTE AUTOMOCIÓN - TALLERES TAGALME

ROCÍO CHAO

Despois de superar unha pandemia horrible, que nos obrigou e privou de case todo, parece que voltamos à “normalidade”, e, de novo, unha comisión ponse a traballar para organizar as Festas Patronais na honra á Virxe do Carme e San Xoan Bautista. Por tal motivo, pídenme que escriba algo sobre a miña experiencia ó longo de varios anos na comisión e algúns como presidenta.

A miña experiencia é positiva, eu diría que moi positiva e voltaría a vivirla a “sabendas” do traballo que isto supón e o tempo que lle hai que adicar. Durante os anos que formei parte da comisión (2008-2012), tiven a oportunidade de coñecer, aínda mellor, ó meu pobo. Un pobo solidario, colaborador e alegre como o que máis. Organizar unhas festas cando o pobo camiña cunha comisión é moi sinxelo e tentarei explicarme.

ALFOMBRA FLORAL: Comezarei falando da alfombra porque sempre me chamou a atención a unión e colaboración que supón construír con moitas mans algo que parece un debuxo feito a óleo, e sen dúbida, unha obra mestra que tenta superarse cada ano, e que representa ademais, un anaco da nosa cultura estival.

BAIXADA DA VIRXE, PROCESIÓN E PROCESIÓN MARÍTIMA: Aquí hai que agradecer a gran labor que realiza a Asociación Cultural LEDICIA, que, ano tras ano, e, esté quen esté na comisión de festas, fan un traballo silencioso, respetuoso e serio, organizando o maior dos eventos culturais das nosas festas dende a baixada da Virxe da Igrexa da Vila do Medio ata a Igrexa Parroquial, a procesión ata o porto e a procesión marítima, ten un significado cultural especial, sobre todo para as xentes do mar, por aquilo de venerar a súa Carmeliña.



karaoke 2010

BANDAS E PASARÚAS: Durante a miña etapa, logrouse, grazas a un colaborador incansábel (Albano) facer un intercambio músico-cultural cunha Banda de Córdoba con máis de 150 compoñentes, él e o seu grupo de mulleres e homes ben formados musicalmente, sempre estiveron ahí dende o comezo ata o final, como todos os demais sen pedir nada a cambio.

ORGANIZACIÓN DAS VERBENAS; É aquí onde o Concello aporta o seu apoio, tanto laboral como loxístico importante, traballos que requiren certos coñecementos laborais debido aos protocolos de seguridade.

Ídesme perdoar que non mencione colaboradores máis aló das asociacións mencionadas, que posiblemente quédeme algunha, e nese caso pido desculpas. Pero sí quero facer un especial agradecemento á Cofradía de Pescadores que sempre fan un esforzo, tanto económico como organizativo sobre todo coas autoridades marítimas que cada ano forman parte da celebración das nosas festas.

Rita Alonso Díaz, Olga Blanco García, Isabel Balsa Fernández, José Baño Fernández, Jesús Plácido Iglesias Uz, José González Legazpi, Elia Trelles Rodríguez, Yolanda Otero Eijo e Neves Cando López. Todas e todos teñen o meu agradecemento e amizade.

Rocío Chao López, Expresidenta, deséxalles unhas Felices Festas.

ALIMENTACIÓN

Babvia
PANADERÍA


DAYANPRI
CARNICERIAS

ENRIQUE

CARNICERÍA


FACENDA
FARRUGUINCO

Danadería
Pastelería
Burela Abad

rufino
CARNICERÍA

ALIMENTACION
PANTA

TU SUPERMERCADO
TIENDA

FROIZ
Siempre a su servicio


O ALMACÉN
DO PEIXE



EROSKI
center







Alimentación
Panadería
TRABADA, s.l.



Confitería
KIKO



MONTE CASTELO
carnicería



CONSERVAS ARTESANAIS
ARES

GADIS

PANADERÍA HUCAR - O LAGAR - FRUTAS MORRIÑA

AS MIÑAS FESTAS DE BURELA



Na vida dunha persoa vanse superpoñendo distintas etapas, vense con moi distinta perspectiva as cousas de neno, de xove, de persoa adulta en idade de traballar, de producir e máis tarde coa tranquilidade da terceira idade. Esta mesma situación se dá coas festas, cando un se pon fronte a un folio en branco para contar lembranzas das festas de Burela hai que percorrer mentalmente as distintas etapas e recordos das que un viviu ao longo da súa vida.

O recordo máis intenso que teño das festas de Burela, ao longo do tempo que exercín coma mestre na localidade, é a intensidade coa que os nenos e nenas viven os días ou as semanas previas as festas de Burela, é todo algarabía, un desexo inmenso de que cheguen os días festivos para disfrutar de todos os cachivaches que se instalan na vila. Xa nas semanas previas, cando van chegando os distintos aparellos mecánicos pasan os recreos e se poden tamén as clases falando deste novo artiluxio que supera con moito aos que disfrutaban en anos anteriores; e tamén claro de ter algún día sen clase. É seguramente a época de vida onde máis se disfrutan as festas.

Eu non vivín a nenez en Burela, polo tanto non teño recordos desa etapa, a min tocoulle coñecer as festas de Burela na miña época de rapaz, de andar as mozas, nesta época as festas de Burela e tamén a vila en xeral eran coma un faro que brillaba máis que os de seu entorno, quizabes imitando o faro de Burela, cumpríase a perfección eso de que a modernidade e o progreso chegan polo mar. Era a época en que se escomenzaba a "Movidá"

burelesa que acadou o seu máximo nos oitenta do século pasado. A rapazada de Burela, masculina e feminina, vivían adiantados a súa época. Burela era a localidade onde máis se ligaba e onde mellor se pasaba de toda a contorna.

Nos oitenta e noventa, cando xa me tocou vivir e traballar na vila, seguimos sendo o espello en que se miraban os demais povos, era a época de máis desenvolvemento social e económico da vila. Todo o inverno, pero de maneira moi especial nas festas a xuventude cos vasos na man fronte aos abarrotados pub, eran o sino dunha época na que a poboación xove era moi maioritaria na vila. Burela era a localidade cunha das poboacións máis xoves de Galicia, onde a todo o mundo sabía divertirse e a onde acudía xente de moi diversos sitios.

Coma todo as festas e as localidades teñen que ir adaptándose as cambiantes circunstancias da vida das persoas e tamén dos povos. As festas de Burela seguían sendo, sobre todo no seu fin de semana grande, desde as verbenas do venres o punto de atracción para toda a comarca e non me equivoco se digo de toda a provincia e dunha parte da veciña Asturias. Non son capaz de nomealas todas, e polo tanto non poño ningunha, das atraccións que nestes venres pasaron pola vila e que daban lugar a un continuo rebumbio e tamén de vida para o comercio local.

Na etapa da vida na que me atopo, na que un non sabe moi ben se estorba ou se pode ser unha axuda pola experiencia acadada ao longo dos anos, xa sen cargas familiares, as festas de Burela seguen sendo para min o disfrute da familia, dos paseos, de atoparte con xente que non ves habitualmente, de socializar e de acudir a algunha que outra verbena. Rematar desexando que as festas de Burela sigan sendo moitos anos a continuación do que foron e do que son, é moi importante para a saúde dos cidadáns dun povo saber divertirse e recargar as pilas para iniciar as tarefas ordinarias cun afán renovado.

Pedro Chao

MODA E ESTÉTICA

		[KEOPS] PELUQUEROS			
NunaBelle centro de estética e masaxe	TOP SALÓN	PELUQUERÍA Arcadio Pandiñas n.º 95 - Bajo BURELA 982 58 08 64 Lola			
Atmósfera Sport	Nora Moda Complementos y Bisutería Av. Arcadio Pandiñas 79 bajo Burela - Lugo 982 58 08 64	Miss-tic			
Cruze Nails	PICHI SPORT	BATTYKNO	Chamorro MODA ROMPRE	CAROA Moda	
			Don Zapato MODA		
Naxa PELUQUERÍA Y ESTÉTICA	A la X estilo	Rosa y Azul	Cal	JS JAIME SANTOMÉ	kayla
Rosana peluquería	ALBRADA PELUQUERÍA	Sabrina	OVS kids	Campón UNISEX peluquería e beleza	PEINETES INVERSA
VS	Isabella www.isabellaburela.com	ZAIO	ELENA VARELA	PATRICIAMON centro de estética	ITA PELUQUERÍA MIXTA

SEREA - RESTOS DE STOCK - ZAPACO - STRASS - PELUQUERÍA DANIEL - CINZA - SADIYA
MUCHAS - REINVENT EQUIPO DE ESTELISTAS - FRAGRANCES & COLORS - LA QUINTA
BOLSOS BELY - EL MUNDO DE SOFÍA - MARTA BARCALA - PELUQUERÍA CORTENOVO - COCO - JATAY

ASOCIACIÓN REYES Y PEONES



Xa son 9 anos dende que naceu "Reyes y Peones" e máis de 11 desfrutando da ensinanza do xadrez cos nenos

Este deporte, con valores educativos como a autocrítica, saber gañar e perder, a empatía, o control do tempo... é moi beneficioso para os nenos posto que estimula o desenvolvemento de estruturas cognitivas a través, entre outros, da concentración, da memoria, a atención e o desenvolvemento de estratexias e tácticas.

O clube goza dunha enerxía envexable. Rimos todas as tardes practicando diante dun taboeiro, resolvendo problemas de lóxica, xogando ó "pasapezas" (variante do axedrez 2x2) ou mesturando pezas con cartas e dragóns. Sí, sí o axedrez evolucionou.

Invitámosvos a que nos coñezades, e pasedes un rato entretido con nós, na nosa aula na Sala de Conferencias e vivades unha experiencia inesquecible. Por certo tamén organizamos talleres para os papis para que poidan disfrutar cos seus fillos na casa.

Nada máis. Gracias ó Concello por todo o seu apoio, por facer visible este pequeno pero gran deporte, e dende o clube de axedrez Reyes y Peones desexámosvos a todos, en especial ós máis pequenos, unhas Felices Festas.

Julio Delgado



PREGOEIROS E ACTUACIÓNS DOS VENRES

O ano pasado, no Libriño, fixemos un repaso de os pregoeiros e actuación estre-la da década dos 90. Este ano, toca facelo mesmo coa seguinte década, do ano 2000 ao 2010. Empezamos!

ANO 2001:

O pregoeiro aquel ano foi José María García Leira, daquela Presidente do Parlamento de Galicia. E actuación do venres, **ABIGAIL**.

ANO 2002:

Pregón a cargo de Celso Currás Fernández, unha vez máis un político foi elixido para o evento, Deputado do Parlamento galego por aquela época.

A actuación do venres, que tocou aquel ano un 31 de maio, foi de **LOS CHICANOS DEL SUR**, que como algúns recordaredes cantaban aquilo de "Beso a beso me enamoré de ti".

ANO 2003:

Jaime Jaureguizar Isasi, empresario que no seu día xunto con Farré, puxo en marcha a fábrica Cerámica Farré y Jaureguizar ou o lavadero de caolín. Rememorou os seus anos mozos na nosa vila, daquela case unha aldea. No pregón aludiu ao primeiro café do pobo ou a inscrición na porta do cemiterio: "Como te vexo, vinme, e como me ves, te verás"

CELTAS CORTOS e o seo "20 de abril del 90, hola chata como estás..."

ANO 2004:

J. Bernardo Rodríguez

ALEX, da primeira edición de OT, recentemente como sabedes falecido nun tráxico accidente de moto

ANO 2005:

Mercedes Girón

M CLAN, na miña opinión dos mellores rockeros en castelán da historia da música y su "Carolina"

ANO 2006:

Ramón Farré González

MERCHE

ANO 2007:

María Luisa Tenreiro Rodríguez

NENA DACONTE e o seu tema máis coñecido "Tenía tanto que darte"

ANO 2008:

M.do Carme García Negro

Directora do Grupo de Investigación de economía Pesqueira da USC

AMPARANOIA...unha actuación que persoalmente lembro desfrutar moitísimo na explanada portuaria, por aquilo de ser moi fan. Seguro que a moitos lles soa o "Welcome To Tijuana".

ANO 2009:

Javier Rivera, delegado de El Progreso en A Mariña.

LA GUARDIA

ANO 2010:

Aquel ano a pregoeira fora Julia María Labrador Ben, da revista Arbor (csic)

DAVID CIVERA con temas tan coñecidos como ¡Que la detengan!



Con isto rematamos o repaso daquela década, para que sirva de homenaxe a aquelas comisións que conseguiron manter unha liña de calidade ao longo dos anos que supuxo un reto para todos os que fomos detrás. A día de hoxe volver a ter aquelas actuacións dos venres é bastante complicado. Os elevadísimos prezos non só de caché dos grupos senón do IVE, produción, seguridade, catering e demais, fai que sexa case imposible. Tentouse facendo un enorme esforzo con Café Quijano en 2017, pero tampouco conseguimos a afluencia de público que houbésemos desexado, polo que valoramos que o tremendo esforzo non redundou no éxito esperado. O nivel das orquestras grandes hoxe en día é moi alto e a maioría da xente parece convencerlles máis esta opción. E o público manda. Sempre.

José Díaz

GRANDES PATROCINADORES FESTAS PATRONAIS 2023



CONCELLO DE
BURELA



DEPUTACIÓN
DE **LUGO**



Cofradía DE Pescadores
BURELA



ARMON



**GRUPO
BREOGAN
pesca**

DE BURELA S.A.



ABSA

Burela Lugo



082 023 501

SAC(R)GO

RESTAURANTE-MARISQUERÍA